



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 3		Código	613G03015
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Inglesa			
Coordinación	Floyd Moore, Alan	Correo electrónico	alan.floyd@udc.es	
Profesorado	Floyd Moore, Alan	Correo electrónico	alan.floyd@udc.es	
Web	www.udc.es			
Descripción xeral	Esta materia amplía e profundiza os coñecementos da lingua inglesa, cubrindo parte parte das competencias na formación básica na descripción e uso da lingua inglesa, consolidando as competencias de B2 e cubrindo unha parte das competencias de C1, nas catro habilidades básicas.			

Competencias da titulación		
Código	Competencias da titulación	

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
O alumno debe poder manter unha conversa que trata de asuntos cotidiáns e xerais co falantes nativos de lingua inglés sen moita dificultade. Debe dominar unha amplia gama de estilos e rexistros en textos escritos e no seu inglés escrito.	A6 A9 A20	B4 B10	C2 C4
Deberán ter a capacidade de entender as principais ideas da maioría dos textos orais u escritos en inglés, seguir liñas argumentais complexas e identificar as principais conclusións ás que chegou o falante, sempre que o tema sexa relativamente coñecido.	A6 A9 A20	B4 B10	C2 C4
Os alumnos deberán poder seguir os discursos de textos orais de radio e televisión, sempre que se fale un nivel de lingua estándar pero mesmo tamén empregando unha cantidade considerable de linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas.	A6 A9 A20	B1 B2 B4 B10	C2 C4
Tomar parte activa en debates desenvolvidos en situación cotiáns e xerais, explicando e defendendo o seu punto de vista usando una linguaxe apropiada.	A6 A9 A20	B4 B10	C2 C4
Os alumnos deben poder expoñer con claridade un tema relacionado cos asuntos tratados durante o curso, e outros, explicando claramente e destacando os puntos principais para poder seguirle sen dificultade. Deberá contestar ás preguntas que xurdan e usar PowerPoint ou equivalente como apoio.	A6 A9 A20	B1 B2 B4 B6 B10	C2 C4
Os alumnos deben ser capaces de expresarse en inglés escrito co claridade e fluidez, nunha forma coherente e ben organizada, usando conectores de maneira apropiada. Deben usar vocabulario e estruturas que matizan e expresan modalidade: graos de certeza / incerteza, crenza/dúbida, probabilidade / improbabilidade, usando párrafos e puntuación correctamente.	A6 A9 A18 A20	B4 B8 B10	C2 C4
Os alumnos deben expresarse dunha maneira creativa, orixinal e imaxinativa en textos orais e escritos de lingua inglesa.	A6 A9 A15 A20	B3 B4 B10	C2 C4



Contidos	
Temas	Subtemas
(Ver o apartado Fontes de Información para coñecer o libro de texto do que se extraen os seguintes temas)	a. Communicating b. Time expressions c. Getting to know you d. Fake nice
1. Make a good impression	
Friends - the new family?	
Favourite sayings	
2. Exceptional people; Memorable places; Spoilt for choice.	a. Intensifying adverbs b. adjective word order c. describing places
3. Being confident A happy, healthy life It's the way you say it.	a. Connotation; positive and negative character adjectives b. Phrasal verbs: health c. Euphemisms
4. Society and the media Cities and technology Making a splash	a. News collocations b. Near synonyms c. Newspaper language
5. Behind the glamour The young ones Priorities	a. Word building b. Verb + infinitives / verb + -ing; c. Work expressions

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	2	0	2
Sesión maxistral	10	15	25
Discusión dirixida	8	12	20
Proba oral	0	6	6
Seminario	13	15	28
Proba obxectiva	0	25	25
Presentación oral	1	10	11
Portafolios do alumno	2	30	32
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, onde as actividades teñen como fin a obtención de información achega do nivel de competencia do alumnado, para poder avanzar de acordo coas súas expectativas e necesidades.
Sesión maxistral	Modo de clase maxistral, acompañada de material audiovisual, co fin de aumentar e consolidar os coñecementos dos alumnos da lingua inglesa e os temas aprendidos.
Discusión dirixida	Diálogos en parellas e grupos pequenos, con seguimiento dos profesores, onde se pon en práctica as habilidades dos alumnos, e onde poden ter lugar conversacións e debates informais e espontáneos.
Proba oral	Unha proba onde se avalía a competencia comunicativa, dentro do contexto dunha entrevista individual ou de parellas, cun ou ambos os profesores.
Seminario	Son sesións prácticas onde se desenvolven as catro habilidades básicas en relación co programa, ou outros temas que xurdan.



Proba obxectiva	Exame escrito. Isto permite que os profesores avalíen os coñecementos e habilidades lingüísticas adquiridos, desenvolvidos e mellorados durante o curso. Pode incluír varios tipos de preguntas: composicións, preguntas de resposta múltiple, completar frases, transformacións e otros exercicios. Inclúe unha proba de audición. Basearse case exclusivamente nos materiais utilizados ao longo do curso.
Presentación oral	Unha presentación diante dos demais alumnos na clase de tamaño medio (DI). Debe tratarse dun tema controvertido elixido polo propio alumno. O alumno debería chegar a algún tipo de conclusión despois de considerar e explicar os puntos principais. Deberían usar PowerPoint ou similar como apoio dos seus argumentos.
Portafolios do alumno	Os alumnos deberían gardar e ordenar os materiais que son o resultado das clases, e outros materiais, cos seus propios comentarios e as notas asignadas, para facer un seguimento dos seus progresos. Isto inclúe as composicións coas notas, comentarios e correccións do profesor. Tamén inclúe calquera tipo de investigación ou traballo levado a cabo polo alumno.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Portafolios do alumno	Os profesores corrixirán ao longo do curso cinco redaccións de cada alumno/a (dous para o profesor encargado e tres para o profesor lector). Os estudiantes deberán ter en conta os seus erros e as correccións e comentarios en futuras ocasións. Poderán e deberán consultar cos profesores acerca da maneira de mellorar os seus rendementos, e usar o tempo dedicado ao auto-aprendizaxe para corrixir erros. Todos o alumnado debería aproveitar o tempo de tutorías dos profesores, que están para o propósito de facer un seguimento do seu progreso.

Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Proba oral	Todos o alumnado realizará unha proba oral ao final do cuadrimestre, en formato de entrevista individual ou en parella, na que deberá mostrar as súas competencias comunicativas en lingua inglesa. Avaliarase a capacidade de facerse entender, a súa coherencia, fluidez, pronuncia e tamén a complexidade e corrección léxicas e gramaticales.	10
Seminario	Avaliaranse a asistencia e participación dos alumnos (10%), e o seu rendemento nas actividades que levarán a cabo en clase ao longo do cuadrimestre (5%).	15
Proba obxectiva	Unha proba obxectiva baseada nos materiais usados en clase, a lectura adicional e os traballos esixidos por ambos os profesores. Incluirá varios tipos de exercicios, unha composición escrita e unha proba de audición.	40
Portafolios do alumno	Avaliaranse 5 composicións. Cada unha constará de ao redor de 250 palabras, e as características de cada unha serán explicadas polo profesor(a).	20
Presentación oral	Ao alumno esixiráselle unha presentación acerca dun tema elixido por el / ela, que contén un elemento de polémica. Debe basearse nun texto onde se expresa un punto de vista, e o alumno debe incluír e argumentar o seu propio punto de vista achega do tema. Esta proba é individual; non pode presentarse en parellas ou grupos, e debe levar a cabo sen ter apuntamentos diante. Deberíase utilizar unha presentación con PowerPoint ou similar, pero a mesma só debe consultarse, non lerse.	15
Outros		

Observacións avaliación

IMPORTANTE: Para superar a materia, a suma das distintas probas deberá ser 5 sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima da proba escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10. Os alumnos/as que non se presenten o día das probas escritas recibirán a cualificación de NP.AVALIACIÓN XULLO: Os/As estudiantes que non superen a proba en xaneiro / febreiro terán que ir á oportunidade de xullo, onde os criterios de avaliación serán os seguintes: Proba oral 10%, Proba obxectiva 40%, presentación oral 25% portafolio do alumno 25%. Os que aprobasen unha parte en xaneiro / febreiro non terán que repetir esa parte en xullo. DISPENSA ACADÉMICA: Aqueles alumnos que oficialmente se matricularon a tempo parcial, e teñan concedida unha dispensa académica, como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.



Fontes de información

Bibliografía básica	- Cunningham, Gillie, Jan Bell and Theresa Clementson (2013). Face2face Advanced (Student's book) and DVD Rom.. Cambridge, CUP. ISBN 978-1-107-67934-4
Bibliografía complementaria	- Quirk, R. and Greenbaum, S. (1985). A University Grammar of English. London, Longman - Vince, Michael (2009). Advanced Language Practice. English Grammar and Vocabulary. (WITH KEY) MacMillan Publishers - Mann, M. (2008). Destination C1&C2: grammar and vocabulary. MacMillan - Tims, Nicholas et al. (2014). Face2face Advanced Workbook. Cambridge, UK: CUP ISBN 1107690587 - Side, Richard and Guy Wellman (2000). Grammar and Vocabulary for CAE and CPE. London: Longman - Swan, M. & C. Walter (1997). How English Works. Oxford: O.U.P. - Jones, Leo (2001). New Cambridge Advanced English. Cambridge, CUP. - Swan, M. (1996). Practical English Usage. Oxford: O.U.P.

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Lingua Inglesa IV/613211404

Lingua Inglesa V/613211405

Lingua Inglesa VI/613211601

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Lingua Inglesa I/613211103

Lingua Inglesa II/613211104

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías